



A FOLLA DA CGT

Núm. 86 - 3 decembro 2021

Conversión de eventuais en fixos

O intercentros acadou un acordo coa empresa para facer fixos a tódolos traballador@s con contrato eventual anterior ó ano 2020.

non é así, debe poñerse en contacto co comité, coa **CGT** ou co sindicato que prefira porque estaríamos ante unha violación do convenio.

Na nosa factoría non afecta ós novos ingresos do Plan (os primeiros entraron en 2020), pero si a algúns TS anteriores das prazas de reposición. Segundo confirmou a empresa onte, tod@s pasaron a fixos.

Independentemente de se o contrato é fixo ou eventual, debe lembrarse que o convenio recolle que a permanencia nos niveis de entrada (E10 e E9 para operarios e empregados; D4 e D3 para TS) será de **2 anos** en cada un deles. Transcorrido ese prazo, o traballador/a debe pasar ó nivel superior automaticamente. Se nalgún caso isto



Sen información sobre Turbinas

A semana pasada, a permanente do comité mantivo unha reunión coa dirección de Navantia sobre o futuro da Fábrica de Turbinas. Pola empresa estiveron presentes, entre outros, Javier Herrador (responsable de Enerxías Verdes, onde está encadrada Turbinas) e Andrés Cachaza e Jesús Lourido (exdirector e director actual da Fábrica, respectivamente).



Nin durante a reunión, nin antes ou despois dela (aló menos ata o momento de redactar esta nota), o comité recibiu ningún dato ou informe por escrito. Só fume respecto ó futuro e o anuncio de que en breve se trasladarán as necesidades de flexibilidade laboral (mobilidade, polivalencia, etc.) que a dirección está a demandar.

A **CGT** queixámonos na reunión desta falta de información, moi particularmente en relación co traballo da consultora McKinsey, xa que despois de meses traballando, e cobrando duramente, nunha suposta modernización de Turbinas, nin o comité nin os traballadores dunha empresa que é pública coñecemos ningún informe. Algo que é especialmente grave porque algúns cambios acabados de facer, e sobre todo a flexibilidade anunciada, se están a xustificar polo traballo desta consultora.

A resposta que recibimos do exdirector foi que "a porta da biblioteca está aberta para que se pase por alí quen queira". Queda claro o cocepto de empresa pública que defende esta dirección: presentar a informalidade das relacións persoais como políticas de transparencia.

A empresa róubanos nos pases

Desde hai uns meses, xa non hai pases de saída en papel. Agora se solicitan a través do Periscopio. Cando solicitas un, o sistema permite establecer a hora de saída por intervalos de **5 minutos**, como se ve na imaxe.

Pero se non solicitas nin ás medias nin ós cuartos, a empresa en calquera caso descontará desde a media ou o cuarto anterior (exemplo: o desconto dun pase solicitado para as 10:10 empezará ás 10:00).

Ocorre o mesmo se retornas ó choio: unha fichada de volta ás 10:46 implicará un desconto até as 11:00.

É dicir, que unha ausencia de 32 minutos (entre as 10:14 e as 10:46) se transformará nun desconto de 1 hora, practicamente o **dobro** de tempo.

Non ten sentido que, permitindo o sistema solicitar o pase en intervalos de 5 minutos, despois se sufra un desconto **maior**.

A informática permite descontar o tempo ausente exacto, como de feito pasa coas chegadas tarde. Un compañeiro de quenda de mañá que pique ás 6:02 terá un desconto de 2 minutos, non dun cuarto de hora.

Vai sendo hora de dicirle a empresa que a xestión dos pases tamén ten que ser 4.0, adaptándose ás posibilidades que ofrece a informática.

A **CGT** xa levou o tema á permanente, a fin de que o comité de empresa no seu conxunto lle plantexe a reivindicación á empresa. Os demais sindicatos vírono ben.

Empleados seleccionados para asignar pases de salida

Nombre:

Num. personal:

Autorizador:*

Fecha:* 2/12/2021

Hora inicio:* 10:00

Modalidad:* 05

Descripción trabajos:*

Prazas operarios-empregados

A empresa informou de que as **reclamacións** presentadas son unhas 80, a inmensa maioría por desacordo coa puntuación do baremo. Vanse revisar tódolos casos.

Volve a poñerse de manifesto que a **non publicación** do baremo **desglosado** polos diferentes conceptos o único que fai é complicar as reclamacións. A xente anda a cegas porque non coñece de onde sae a puntuación que lle outorgou Navantia.

A publicación do baremo desglosado sería ademais un exercicio de **transparencia**, esa da que tanto presume Navantia e tan pouco practica.

Horas sindicais de novembro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da **CGT**.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	32,00	Día 17. Folga Xeral A Mariña (9:15-13:39) Día 25. Actividade sindical (6:00-07:09)	5,55	37,55
Xaquín	79,25	Día 17. Folga Xeral A Mariña (9:15-14:24) Día 25. Actividade sindical (6:45-08:15) Día 30. Actividade sindical (7:15-08:15)	7,75	87,00
Arturo				
Javi	53,00	Día 17. Folga Xeral A Mariña (9:15-14:24) Día 25. Actividade sindical (6:45-08:15) Día 30. Actividade sindical (7:15-08:15)	7,75	60,75
Benito	24,75	Día 17. Folga Xeral A Mariña (9:15-14:24)	5,25	30,00
Carmen	6,25	Día 17. Folga Xeral A Mariña (9:15-14:00)	4,75	11,00
TOTAL	195,25		31,05	226,30



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es

Séguenos e comparte info nas RRSS:

